

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Hoxe día 15 celebrouse o pleno da Mesa delegada do Ministerio de traballo e economía social e os seus organismos autónomos onde se trataron os seguintes puntos da orde do día a proposta da CIG:

Traballo a distancia →

Preguntamos polas posibles incidencias que se poidan producir neste tema, e entre elas chama a atención que nalgúnhas IIPP a maioría do persoal teña tres días de traballo a distancia.

Parécenos evidente que hai unha gran diferenza entre aquelas inspeccións que teñen tres días de traballo a distancia, a minoría, e aquelas que unicamente teñen dúas e excepcionalmente tres nalgún efectivo, polo que solicitamos que se iguallen as condicións e trasládese ás inspeccións provinciais que se poden conceder tres días naqueles casos en que se reúnan as condicións e requisitos.

Os datos son os seguintes:

Solicitudes traballo a distancia	Número	Porcentaxe
Autorizadas	872	100%
Denegadas	0	0%
Total	872	100%

Modalidade prestación servizo	Número	Porcentaxe
Presenza física de dous días	218	17,15%
Presenza física de tres días	654	51,46%
Presenza física de cinco días	399	31,39

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Oferta de emprego público e provisión de postos→

- Concurso xeral con postos de traballo de nivel 16 a 22, en execución de sentenza relativa á Resolución da Subsecretaría do 12 de abril de 2023 (BOE do 24 de abril): convocado por Resolución do 3 de novembro de 2025 (BOE do 17 de novembro), incluíndo 17 postos máis 5 a resultas, todos situados en Galicia. O concurso resolveuse por Resolución de Subsecretaría do 23 de maio de 2026 (BOE 2 de maio), cubríndose todos os postos convocados.
- Concurso específico con postos de niveis 26 a 28: convocado por Resolución do 8 de abril de 2026 da Subsecretaría (BOE do 16 de abril). Incluíronse 5 postos de traballo. No BOE do 13 de xullo publicouse a Resolución do 3 de xullo de 2026, da Subsecretaría, cubríndose todos os postos convocados.
- Concurso xeral con postos de nivel 16 a 22: convocado por Resolución do 5 de maio de 2026 da Subsecretaría (BOE do 13 de maio). Incluíronse 34 postos de traballo máis 2 postos a resultas. A Comisión de valoración finalizou os seus traballo e prevese a Resolución de adxudicación en breve.
- Concurso para persoal do Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocado por Resolución do 3 de xullo de 2026 da Subsecretaría (BOE de 13 xullo). Incluíronse 257 postos (3 na Inspección de Traballo de Catalunya e 8 no Goberno Vasco) e 45 postos a resultas (7 na Inspección de Traballo de Catalunya e 2 no Goberno Vasco).
- Concurso para persoal do Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: pendente do informe da Dirección Xeral da Función Pública. Prevese a súa publicación a finais de outubro ou novembro.
- Concurso para persoal do Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: pendente do informe da Dirección Xeral da Función Pública. Prevese

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Prevención de riscos laborais→

Vixilancia da saúde:

Ante a imposibilidade de proceder á substitución inmediata da médico do traballo xubilada no mes de xullo, recorreuse con carácter transitorio a un servizo de prevención externo, ata a convocatoria e cobertura da praza.

Instrución de violencia externa:

A Instrución 6/2026 sobre prevención de riscos derivados da violencia externa foi asinada pola directora do organismo o 27 de xullo e publicada, substituíndo á anterior Instrución 8/2010. A Instrución prevé mecanismos permanentes de seguimento (Coordinadoras ou Coordinadores de Seguridade, Rexistro de Incidentes, datos trimestrais nos Comités de Seguridade e Saúde). Ata a data de elaboración da información rexistráronse 23 incidentes de violencia externa.

Avaliación de exposición ao gas radon:

Finalizou a avaliación dos riscos de exposición ao radon nos centros da Coruña e Pontevedra. Os resultados mostran que non se superan os 300 Bq/m³ nas zonas habituais de traballo.

Con todo, detectáronse concentracións superiores en determinadas zonas de uso esporádico, concretamente nos arquivos da Coruña e Pontevedra. Nestes casos, atópase en proceso de aplicación o correspondente procedemento regulamentario de control co fin de determinar e, no seu caso, adoptar as medidas preventivas necesarias.

STS sobre acceso a domicilio→

O Organismo xa elaborou e publicou uns criterios, e a día de hoxe non

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Anonimización de datos→

Tema que desde CIG vimos demandando en todas as Mesas delegadas e o organismo informa que xa faláron coa unidade TIC pero que agora está parado o tema esperando a resposta a unha consulta realizada á DG de Gobernanza pública. Pois nada, seguimos esperando a un sistema que xa está inventado e practícase nuns cuantos sitios.

Entrega de teléfonos a todo o persoal→

Volvemos interesar polo tema informando a administración que chegaron e estanse entregando aos N26 e que están pedidos para o resto do persoal.

Pago de gardas→

Todo está ao día.

Produtividade e formación→

Estando convocadas as reunións para tratar especificamente estes temas a administración emprázanos a esas reunións para tratar todo o relacionado con ambos os asuntos.

As reunións serán, o día 22 de setembro a de formación e o 1 de outubro a de produtividade, de ambas informáremoste.

Galiza, 15 de setembro de 2026